



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 8 DE SETEMBRO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a Fabiola García Martínez D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario en funcións D. José Martínez de Llano Orosa Membros que non asisten: D^a Elvira Pereira Ageitos
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día oito de setembro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 06/09/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido e que responde ao seguinte resumo:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Número de relación	2016 - 000030
Importe total	267.691,46 €
Número de facturas	58
1ª factura.	
Emisor (Cif)	52455875M
Importe	1.897,61 €
Última factura	
Emisor (Cif)	V15087232
Importe	1.800,00 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	22/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía (Dept. Informática) Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Xestións de inscricións en escolas deportivas vía web: - Implantación da Web de Escolas Deportivas - Parametrización coa normativa de Riveira - Volcado de datos á base de datos de A2Sport para consulta desde aplicación - Pago por internet mediante RedSys		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GT3 SOLUCIONES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GT3 SOLUCIONES, S.L.			
NIF/CIF:	B92520451			
Importe (IVE incluído):	3.509,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	05/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción de dúas páxina publicitarias a cor co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.			
NIF/CIF:	A15000649			
Importe (IVE incluído):	1.210,00 €			
Observacións:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta		3	Data	05/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Realización dun spot publicitario a emitir en horarios de mañá e noite, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EVENTOS INSUELA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	EVENTOS INSUELA, S.L.			
NIF/CIF:	B70369756			
Importe (IVE incluído):	1.000,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	07/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción dun anuncio informativo co motivo da recepción a María Vilas Vidal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.			
NIF/CIF:	A15000649			
Importe (IVE incluído):	847,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	23/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras (Deportes) José M. Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais para a fabricación de dúas canastas para a pista deportiva de Pedra Pateira		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DIGAR DE ARTES, S.L. - FERROS DO BARBANZA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.			
NIF/CIF:	B15515695			
Importe (IVE incluído):	997,68 €			
Observacións:				

Nº Proposta	6		Data	30/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez			
DESCRICIÓN DO GASTO	Disparo de bombas de 1ª e 2ª e batería de 6 bombas, co motivo da celebración das Festas de Olveira			
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.	






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE incluído):	205,70 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	30/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do grupo de gaitas O Rueiro co motivo da celebración das Festas de Olveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOC CULT. O'RUEIRO DOS FILLOS DE PALMEIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOC CULT. O'RUEIRO DOS FILLOS DE PALMEIRA		
NIF/CIF:	G15801574		
Importe (Exento IVE):	225,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	07/03/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Drodependencias José M. Fernández Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de cadeira con brazos xiratoria para despacho Dr. Fernández por deterioro da actual.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PERFECTO VALEIRAS MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PERFECTO VALEIRAS MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	33230603L		
Importe (IVE incluído):	291,97 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do grupo de gaitas O Rueiro co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOC CULT. O'RUEIRO DOS FILLOS DE PALMEIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOC CULT. O'RUEIRO DOS FILLOS DE PALMEIRA		
NIF/CIF:	G15801574		
Importe (Exento IVE):	740,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	10	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación da Banda de Música de Negreira co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BANDA DE MÚSICA DE NEGREIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BANDA DE MÚSICA DE NEGREIRA		
NIF/CIF:	G15088677		
Importe (Exento IVE):	1.000,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		11	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Asistencias técnicas de iluminación e son (6 horas), co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ			
NIF/CIF:	52936417P			
Importe (IVE incluído):	72,60 €			
Observacións:				

Nº Proposta	12	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de 200 cadeiras con transporte e colocación/retirada, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- GALICARPA, S.L. - MARCELINO ABOY TORRES - CARPAS PONTEVEDRA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GALICARPA, S.L.		
NIF/CIF:	B70343272		
Importe (IVE incluído):	263,78 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de monitorado para parque de inchables con montaxe/desmontaxe e transporte, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- FERNANDA CORES CES - GOLFIÑO XESTIÓN OCIO, S.L.






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERNANDA CORES CES		
NIF/CIF:	52936784F		
Importe (IVE incluído):	352,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		14	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración e disparo de pirotécnia, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESUA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESUA, S.L.			
NIF/CIF:	B15367592			
Importe (IVE incluído):	960,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		15	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais destinados á xornada de pintura ao ar libre a realizar polos membros da Asociación Alfaia, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DISPAINT GALICIA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DISPAINT GALICIA, S.L.			
NIF/CIF:	B36321313			
Importe (IVE incluído):	320,01 €			
Observacións:				

Nº Proposta		16	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 60 carteis e 500 dípticos, co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.			
NIF/CIF:	J15626245			
Importe (IVE incluído):	184,81 €			
Observacións:				





Nº Proposta	17	Data	06/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración das Festas Patronais de Santa Uxía 2016		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe:	200,00 €		
Observacións:			

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/09/2016 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Pavimentación da estrada de Lixó (Oleiros-Riveira)"**"


2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/09/2016 **"Decreto: Aprobación do plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "Pavimentación do vial de Gándara a Campo de Patas (Concello de-Riveira-Porto do Son)"**"

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA SRA. TANIA DORCA MARTÍNEZ EN RELACIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 31 DE MARZO DE 2016.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada, comprendidos na Zona de Servidume de Protección do Dominio Público Marítimo-Terrestre.

REFª CATASTRAL: 8780306MH9088S0001RP.

SITUACIÓN: Rúa Castelao s/n, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: Tania Dorca Martínez.

AUTOR/A PROXECTO: Mª Carmen Gago Fernández.

PROXECTO: Proxecto Básico de agosto de 2014.

DOCUMENTACIÓN: Replanteo efectuado pola Demarcación de Costas del Estado en Galicia asinado polo Xefe de Servicio de Actuación Administrativa Juan Antonio Noguerol Gómez.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 60.927,85 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Xunta de Goberno local en sesión de data 21 de maio de 2015 acordou por unanimidade en base ao informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 24 de febreiro de 2015 informar:

“

(...)

CONDICIONES PARTICULARES


La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 6.1 y está incluida parcialmente en servidumbre de costas.


Todo Plan General de Ordenación Municipal debe cumplir de forma obligatoria cualquier disposición de rango superior, como en éste supuesto es la Ley de Costas.

El PGOM de Riveira está redactado al amparo de la LOUGA por lo que durante el proceso de su tramitación Costas emitió el obligado y vinculante informe favorable.

Según el principio de jerarquía normativa, que consagra el artículo 9.3 de la Constitución, las normas jurídicas se ordenan jerárquicamente, de forma tal que las de inferior rango no pueden contravenir a las superiores, so riesgo de nulidad, por lo que en este supuesto al no coincidir la línea de edificación exterior de la parcela con la línea de servidumbre de costas se entiende que el ayuntamiento puede establecer su reajuste para favorecer las condiciones de edificación de las parcelas.”

2.- Posteriormente por Tania Dorca Martínez, solicitábase, en escritos rexistrados de entrada nas datas 4.9.15 e 17.9.15, (Rexistro de entrada nº 9.145 e 9.732), licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, sita na Rúa Castelao s/n, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8780306MH9088S0001RP achegándose Proxecto Básico de agosto de 2015 redactado por Mª Carmen Gago Fernández así como Replanteo efectuado pola Demarcación de Costas del Estado en Galicia asinado polo Xefe de Servicio de Actuación Administrativa Juan Antonio Noguerol Gómez.





3.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 6 de novembro de 2015 no que analiza en *sentido desfavorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal.

4.- Asimesmo o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 18 de marzo de 2016 no que analiza en *sentido desfavorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal.

5.- O Técnico de Administración Xeral de Urbanismo José Martínez de Llano Orosa emite informe proposta resolución desfavorable na data 18 de marzo de 2015.

6.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de marzo de 2016 acordou por unanimidade

“
(...)

Primeiro.- DENEGAR a Sra. Tania Dorca Martínez a **LICENZA DE OBRAS** solicitada para levar a cabo a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, sita na Rúa Castelao s/n, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8780306MH9088S0001RP.

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”

7.- Posteriormente Mª Carmen Gago Fernández actuando en nome e representación de Tania Dorca Martínez, presenta en escrito rexistrado de entrada na data 26.4.16, (Rexistro de entrada nº 4.780), recurso de reposición ante o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de marzo de 2016 polo que se deniega a Sra. Tania Dorca Martínez a LICENZA DE OBRAS solicitada para levar a cabo a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, sita na Rúa Castelao s/n, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8780306MH9088S0001RP.

8.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe na data 2 de maio de 2016 no que analiza o recurso de reposición respecto ao axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal.


9.- Asimesmo o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 18 de xullo de 2016 en relación ao recurso de reposición e que se transcribe:

“
(...)

ASUNTO:

RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DENEGATORIO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DE 31.03.2016, SOBRE A SOLICITUDE DE LICENZA PARA





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR A EMPRAZAR NA RÚA
CASTEALAO, AGUIÑO.

SOLICITANTE: MARIA DE CARMEN GAGO FERNÁNDEZ
En representación da propiedade
ENTRADA Nº: 4780 (26.04.2016).

ANTECEDENTES E DATOS DE PARTIDA:

A presentación do presente recurso realízase dentro do prazo indicado aos efectos oportunos.

O recurso formulado ven a cuestionar, basicamente, a conclusión desfavorable emitida por este técnico no seu informe de data de 18 de marzo de 2016. A motivación técnica que impón esta conclusión desfavorable deriva da constatación no proxecto da implantación da nova edificación dentro da parcela, debendo de axustarse esta á aliñación oficial, ao fondo máximo edificable e á súa relación cos lindes laterais da mesma. O informe conclúe o seguinte:

.....

Pero tamén se detectan cuestións, que a xuízo deste técnico non son subsanables; sen ter que modificar e alterar substancialmente a proposta do proxecto, e que pasaría por buscar outra solución no relativo á tipoloxía edificatoria e sen prexuízo de valorar as cuestión técnicas aportadas no apartado anterior.

Esta nova solución imporía que a nova edificación debера localizarse de xeito illado dentro da parcela, garantindo os retranqueos a lindeiros que impón a ordenanza (3 metros mínimo), toda vez que o adose realizado é a toda luces artificioso, a saber:

a.- A implantación proposta da edificación contravén o autorizable ao respecto pola ordenanza de aplicación, toda vez que si autoriza e mesmo propón o adose no caso de medianeiras consolidadas anexas nas parcelas colindantes, pero a localización da nova edificación non coincide coa medianeira da parcela colindante, e por cuestións obvias e impostas pola propia ordenanza, a cal obriga a ceñirse a aliñación oficial, sen posibilidade de recuarse da mesma, como si ben se posibilita en outras ordenanzas municipais. Deste xeito a nova edificación arrimase ao lindeiro e creando unha nova medianeira; ou sexa creando o mesmo impacto que si sobre a parcela colindante estivera vacante de edificación e sen posibilidade de poder ocultar esta, que é precisamente o sentido da condición imposta pola presente ordenanza:

"La edificación se situará en la parcela aislada, entre medianeras, o adosada a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada. Todas las fachadas no adosadas (vistas) tendrán tratamiento igual al de la fachada principal".

A parcela sobre a que se pretende edificar aséntase sobre un ámbito clasificado polo PXOM de Riveira como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza 6.1. "Residencial extensiva unifamiliar agrupada". A presente ordenanza de solo urbano consolidado, e onde o uso característico é o de vivenda unifamiliar ou de primeira categoría, fixa unha superficie mínima de 50 m² e unha fronte mínima de 6 metros, sempre que se atope o solar entre medianeiras consolidadas.


INFORME:

1.- A presente ordenanza de aplicación posibilita que as novas edificacións se poidan implantar dentro da parcela, amén do axuste ao aliñamento oficial e o fondo máximo permitido, de tres xeitos diferentes, e en relación coa situación de feito da parcela, e no concerte á existencia ou non existencia de medianeiras consolidadas nas parcelas adxacentes, e sempre dentro da banda edificatoria que fixa a aliñación e o propio fondo edificable.

2.- Como ben establece ao respecto o apartado 2.2. da ordenanza de aplicación, as tres posibilidades son as seguintes:

*"La edificación se situará en la parcela **aislada**, entre medianeras, o **adosada** a la parcela contigua si esta dejase una medianera consolidada. Todas las fachadas no adosadas (vistas) tendrán tratamiento igual al de la fachada principal".*





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

3.- É claro e evidente que estas tres posibilidades veñen motivadas pola constatación de existencia de medianeiras consolidadas nas parcelas adxacentes, coa finalidade de compactar o tecido urbano, como moi ben se manifesta no apartado primeiro da presente ordenanza "Definición e ámbito". As tres posibilidades son as seguintes:

a.- En caso de non existir medianeiras consolidadas sobre as parcelas adxacentes, a edificación situarase de xeito illado dentro da mesma.

b.- En caso de existir medianeiras consolidadas sobre as dúas parcelas colindantes; a nova edificación situarase entre as mesmas, conseguindo o efecto de compactación pretendido pola ordenanza;

c.- No terceiro caso, que sería o que se pretende encadrar a proposta do proxecto técnico analizado, sostén que de ter unha soa medianeira consolidada por un dos laterais, poderase arrimar ou adosar a esta.

(*) O feito de que exista unha medianeira consolidada, pero fora da zona de implantación, non presupón que a nova edificación se poida arrimar á medianeira consolidada, e chegando a contravir os parámetros de axuste á aliñación oficial e fondo máximo edificable permitido.

4.- Tal e como se propón no proxecto presentado, a nova edificación, e axustándose ó aliñamento e o fondo edificable, arrímase ao linde libre da parcela contigua (sur); e sobre a que consta a existencia de edificación en situación de medianeira, aínda que non é coincidente coa banda susceptible de ocupación pola nova edificación, toda vez que se impón un fondo máximo edificable.

5.- Que unha vez revisado o contido da presente alegación, así como o posterior análise, motivación e informe-proposta de resolución realizado polo Técnico de Administración Local de Urbanismo José Martínez De Llano Orosa, de data de 18.07.2016, e onde se analiza a relación de arrimo entre a nova edificación proposta coa parcela colindante, así como a casuística do entorno e os antecedentes normativos do vixente PXOM, motivando a conclusión/proposta de xeito favorable de cara á admisión parcial da presente alegación; e no que se refire tan só ás condicións de arrimo de parcela contigua polo seu vento sur, **teño a ben de manifestar a miña conformidade ao respecto** ao citado informe, así como no referente ao requisito imposto de cara a garantir a autorización de adose (documento notarial).

6.- En todo caso, e no referente ao contido do informe xa emitido por este técnico sobre a solicitude de licenza de obras de data de 18 de marzo de 2016, e no relativo ás modificacións e xustificacións técnicas a realizar sobre o proxecto presentado (apartado 3 do informe), deberán de atenderse ao informe, tal e como se transcribe a continuación:

".....

3.- De tódolos xeitos e a pesares do xa exposto no apartado anterior, relativo á necesidade de aportar un documento técnico de maior definición e rigor técnico, queremos facer unha serie de advertencias sobre a adaptación da proposta formulada coa lexislación urbanística e a normativa sectorial aplicables, a saber.


a.- No relativo ás condicións de habitabilidade, debemos indicar que non se dá cumprimento ás mesmas (Decreto 29/2010), toda vez que o espazo obrigatorio destinado a tendal non se inclúe no presente programa.


b.- Tampouco se representa ou indica onde se localiza a praza de aparcamento obrigatoria dentro da parcela; polo que compre indicar a súa implantación dentro do plano de emprazamento.

c.- Deberase de aportar no proxecto de execución anexo plano taquimétrico, con sección lonxitudinais da parcela, a fin de valorar a implantación da vivenda sobre o terreo (alturas da edificación, etc.).

d.- Xustificar expresa e convenientemente o cumprimento do establecido ao respecto polo CTE-DB-H4, relativo á contribución solar mínima de ACS, ou no seu caso solucións alternativas autorizadas ao respecto.

e.- A ordenanza de aplicación indica que as cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas e utilizando en calquera caso a tella cerámica. Estas estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas. A tenor da solución proposta nas distintas





cubertas do edificio, e tendo en conta o xa exposto ao respecto pola ordenanza de aplicación, deberase de xustificar a solución proposta en canto ao seu acomodo e integración dentro da unidade do núcleo, como ben prevé o apartado 2.5 da presente ordenanza."

CONCLUSIÓN:

Ante o aquí exposto, procede de estimar de xeito parcial o contido da alegación formulada pola propiedade, tal e como se expón no contido do presente informe, e en todo caso manter as condicións impostas no informe deste técnico sobre a solicitude de licenza de obras de data de 18 de marzo de 2016, e no relativo ás modificacións e xustificacións técnicas a realizar sobre o proxecto presentado (apartado 3 do informe), tal e como ben se expón no apartado anterior."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O recurso de reposición foi interposto en tempo e forma, por persona lexitimada para a súa interposición e ante o órgano competente para a súa resolución.

Segundo.- A interesada a Sra. Tania Dorca Martínez solicita que a tenor do disposto no artigo 111 da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se deixe en suspenso o acto impugnado ao implicar a denegación da licenza danos de difícil reparación.

Establece o artigo 111 da Lei 30/92 que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición establezca o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

No obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causa ao recurrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recurrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recurrente, a execución de acto impugnado cando concurran algunha das seguintes circunstancias: a) Que a execución pudiera causar prexuízos de imposible o difícil reparación. b) Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta Lei.

Resulta evidente que neste caso non se atopa amparada en dereito a solicitude de suspensión do acto impugnado.

Terceiro.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.1 RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA**, comprendidos na Zona de **Servidume de Protección do Dominio Público Marítimo-Terrestre**, *"comprendendo esta ordenanza ás áreas de solo urbano consolidado de orixe agrícola o mariñeiro, caracterizándose por unhas aliñacións non xeométricas, apiñadas, desordenadas cunha tendencia á compactación de manzanas e o mantemento de horta-xardín nas parcelas maiores."*

Cuarto.- O artigo 91 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira establece que o retranqueo é o ancho da franxa de terreo comprendido entre a aliñación oficial exterior e a liña de edificación cando ambas no coinciden.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Tamén pode establecerse retranqueos mínimos a límites con outras propiedades e incluso condicións de adosamento a éstas. O retranqueo de lindeiros con outras propiedades deixará de ser obrigatorio no suposto de que a edificación pretendida substitúa a outra preexistente que non a respetaba. Asimesmo poderá adosarse a aqueles lindeiros con cuos propietarios se redacte documento fehaciente polo cual se permita.

Quinto.- O artigo 155: Ordenanza 6.1.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA establece no que respecta a punto 2.2. **Condiciones de ocupación**, o seguinte:

Posición - Retranqueos: A liña de edificación exterior coincidirá coas aliñacións definidas nos planos de ordenación, tendrá en xeral carácter obrigatorio.

Nos supostos nos que os planos non estén definidos con precisión se conservarán as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou retranqueo a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións de espacio público e para as condicións de edificación das parcelas.

A edificación se situará na parcela illada, entre medianeiras, o adosada á parcela contigua si esta deixase unha medianeira consolidada. Todas as fachadas non adosadas (vistas) terán tratamento igual á da fachada principal.

Fondos edificables: O fondo máximo edificable se establece en 14 metros.

Sexto.- O artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (no sucesivo LOUGA), dispón que están suxeitos a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como, entre outros, as obras de nova planta.

Sétimo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 195 da LOUGA no que se esixe que coas solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Asemade, para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.


A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de agosto de 2015 redactado por M^a Carmen Gago Fernández así como Replanteo efectuado pola Demarcación de Costas del Estado en Galicia asinado polo Xefe de Servicio de Actuación Administrativa Juan Antonio Noguerol Gómez.

A petición da licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello, ó tratarse de obra maior.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oitavo.- O artigo 197 da LOUGA establece que no acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade da mesma por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.





No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Noveno.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Décimo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Undécimo.- Dos antecedentes expostos obrantes no expediente constátase que a parcela na que se solicita a licenza de obra para construír a vivenda unifamiliar e solo urbano consolidado con aplicación da Ordenanza 6.1.- Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada, regulada no artigo 155 do PXOM, establecendo a mesma en **parámetros da edificación**, o seguinte:

“

(...)

Punto 2. Condicións da parcela

Parcela mínima: 50 m², no permitíndose a agrupación de parcelas que superen os 200 m. que pudieran alterar considerablemente a tipoloxía parcelaria existente.

Frente mínimo: Será de 6 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que o frente sear maior de 3 m. e se cumplan o resto das condicións.


Punto 2.2 Condicións de ocupación


“

(...)

Posición - Retranqueos: A liña de edificación exterior coincidirá coas aliñacións definidas nos planos de ordenación, tendrá en xeral carácter obrigatorio.

Nos supostos nos que os planos non estén definidos con precisión se conservarán as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou retranqueo a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións de espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.





A edificación se situará na parcela illada, entre medianeiras, o adosada á parcela contigua si esta deixase unha medianeira consolidada. Todas as fachadas non adosadas (vistas) terán tratamento igual á da fachada principal.

Fondos edificables: *O fondo máximo edificable se establece en 14 metros."*

Duodécimo.- Consta información urbanística emitida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 21 de maio de 2015

"

(...)

CONDICIONES PARTICULARES

La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 6.1 y está incluida parcialmente en servidumbre de costas.

Todo Plan General de Ordenación Municipal debe cumplir de forma obligatoria cualquier disposición de rango superior, como en éste supuesto es la Ley de Costas.

El PGOM de Riveira está redactado al amparo de la LOUGA por lo que durante el proceso de su tramitación Costas emitió el obligado y vinculante informe favorable.

Según el principio de jerarquía normativa, que consagra el artículo 9.3 de la Constitución, las normas jurídicas se ordenan jerárquicamente, de forma tal que las de inferior rango no pueden contravenir a las superiores, so riesgo de nulidad, por lo que en este supuesto al no coincidir la línea de edificación exterior de la parcela con la línea de servidumbre de costas se entiende que el ayuntamiento puede establecer su reajuste para favorecer las condiciones de edificación de las parcelas."

En base ao anteriormente exposto e:


Vistos os antecedentes obrantes no Concello de Riveira polos que se concederon licenzas de obra en situacións análogas á que nos ocupa.

Visto o proxecto se observa que a edificación pretendida prevé adosar a parcela contigua polo vento sur, existindo en dita parcela contigua unha edificación preexistente.

Vista a información urbanística emitida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 21 de maio de 2015 na que se constata que a parcela na que se pretende edificar encóntrase limitada tanto no que se refire a aliñación exterior pola afección existente da servidume de costas así como polos 14 metros de fondo máximo edificable, ambas limitacións con carácter obrigatorio.

Vista a **ORDENANZA 6.1.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA** que como se deduce do seu propio título permite en determinados supostos o adose ás parcelas contiguas *(incluso cando o fronte mínimo sexa inferior a 6 m., cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que o fronte sear maior de 3 m. e se cumplan o resto das*






condicións), establecendo para elo que a “edificación se situará na parcela illada, entre medianeiras, o adosada á parcela contigua si esta deixase unha medianeira consolidada”, o informante interpreta que neste caso que nos ocupa de obrigar en todo caso a tapar a medianeira existente polo vento sur tendo en conta asimismo que se debe cumprir parámetros urbanísticos obrigatorios como son a aliñación oficial e o fondo edificable contemplados na propia ordenanza podería impedir definitivamente a posibilidade de edificar unha parcela en si mesma edificable, máxime cando na definición e ámbito desta ordenanza establece que se caracteriza por unhas aliñacións no xeométricas, apiñadas, desordenandas con tendencia a compactación de manzanas.


Visto o anteriormente exposto e tendo en conta que o que prevé o lexislador respecto aos adoses neste ordenanza e a compactación das edificacións, neste suposto elo non é posible, e polo que atendendo ao interese xeral a posible creación de medianeras debe quedar salvaguardado os dereitos dos colindantes, polo que neste suposto para poder conceder a licenza de obra solicitada se debería presentar en todo caso autorización notarial de adose mutuo.

Visto o informe emitido en relación ao recurso de reposición polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 2 de maio de 2016, visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 18 de xullo de 2016, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/07/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ESTIMAR PARCIALMENTE O RECURSO DE REPOSICIÓN presentado pola Sra. Tania Dorca Martínez ante o acordo da Xunta de Goberno local de 31 de marzo de 2016 polo que se deniega a **LICENZA DE OBRAS** solicitada para levar a cabo a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, sita na Rúa Castelao s/n, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8780306MH9088S0001RP, debendo completar a documentación obrante no expediente nos seguintes termos:

- *Deberá presentar autorización notarial de adose mutuo cos propietarios da parcela colindante polo seu vento sur.*
- *Deberá xustificar o cumprimento do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia, toda vez que o espazo obrigatorio destinado a tendal non se inclúe no presente programa.*
- *Debera presentar o plano de emprazamento no que se sitúa a praza de aparcamento obrigatoria dentro da parcela.*
- *Deberase de aportar no proxecto de execución anexo plano taquimétrico, con sección lonxitudinal da parcela, a fin de valorar a implantación da vivenda sobre o terreo (alturas da edificación, etc..).*





- *Deberá xustificar o cumprimento do establecido ao respecto polo CTE-DB-H4, relativo á contribución solar mínima de ACS, ou no seu caso solucións alternativas autorizadas ao respecto.*
- *A ordenanza de aplicación indica que as cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas e utilizando en calquera caso a tella cerámica. Estas estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas. A tenor da solución proposta nas distintas cubertas do edificio, e tendo en conta o xa exposto ao respecto pola ordenanza de aplicación, deberase de xustificar a solución proposta en canto ao seu acomodo e integración dentro da unidade do núcleo, como ben prevé o apartado 2.5 da presente ordenanza.*

Segundo.- Notificar a presente resolución aos interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.


1.- Visto o escrito presentado por **Carlos A. García Novio**, de data 20/06/2016 (Rexistro de entrada nº 8.037), no que solicita certificación de terminación de edificio sito na Rúa do Vilar, nº 37, Palmeira.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 22/06/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

1.- A citada edificación ten licenza de obras, concedida en Xunta de Goberno Local, de referencia 420/2003, para a construción dun edificio de dúas plantas soto (garaxe e local sen uso específico), planta baixa e dúas plantas altas máis ático para un total de 9 vivendas.

2.- Con posterioridade, no ano 2006, presentouse documentación relativa á licenza de primeira ocupación por parte da promotora, acompañando a documentación técnica oportuna. Na presente documentación consta certificado final de obra asinado polos directores de obra (arquitecto e aparelador), na que se certifica que a citada edificación foi rematada con data de 30 de decembro de 2005.

3.- Ante o aquí exposto, debemos de informar que tal e como cosnta na documentación final de obra asinada polos técnicos directores da mesma - e co visado colexial preceptivo - que a citda edificación ten una antigüedade superior a DEZ ANOS.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

2.- Visto o escrito presentado por **Mª Soledad Martínez Ayaso**, de data 02/09/2016 (Rexistro de entrada nº 11.259), no que solicita información urbanística de finca sita no lugar de Espiñeirido.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 05/09/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

REFERENCIA CATASTRAL: 15074A049000750000KY

- 1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo de núcleo rural**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo de núcleo rural establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado c) desta lei. En aplicación da citada D. T., seralle de aplicación, e de xeito íntegro, o disposto polo planeamento respectivo.
- 2) Compróbase ademais que lle resulta de aplicación a ordenanza de SNR B; "SOLO DE NÚCLEO RURAL EN ZONAS MEDIO CONSOLIDADAS". A presente ordenanza fixa como parámetros mais relevantes os seguintes: parcela mínima de 500 m², fronte mínima de parcela de 8 metros, edificabilidade máxima 0,50 m²/m² e número de plantas (B+ PA + BC).


3.- Visto o escrito presentado por **Enrique M. Paz Pérez**, de data 18/08/2016 (Rexistro de entrada nº 10.538), no que solicita información urbanística sobre un grupo de parcelas de natureza rústica, emprazadas na paraxe coñecida como "Prado Vello", Riveira.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/09/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

1.- As parcelas obxecto do informe correspóndense coas seguintes referencias catastrais:

- .- 15074A033004980000KE
- .- 15074A033004970000KJ
- .- 15074A033004960000KI

2.- As tres parcelas indicadas atópanse dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico**. As fincas nº 497 e 498 están dentro dun ámbito de solo rústico de protección forestal, mentres que a finca nº 496 está dentro dun ámbito de solo rústico de protección ordinaria. No presente caso seralle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección





forestal/protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira desta lei.

3.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 131.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. Concepto e categorías

1. Terán a condición de solo rústico:

- a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.
- b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.
- c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.


4.- Visto o escrito presentado por **Roberto Álvarez Dios**, de data 01/09/2016 (Rexistro de entrada nº 11.197), no que solicita certificación urbanística de parcela sita en Aguiño.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 05/09/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

1.- A parcela correspóndese coa seguinte referencia catastral:
15074A025000150000KW

2.- A presente parcela atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico**.

3.- Puido comprobarse que se atopa incluída dentro da delimitación dun equipamento de sistemas xerais. Acompáñase plano de ordenación a escala 1/5000.





IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.


1.- Visto o expediente que se tramita a instancia de **Ana M^a Vila Ageitos**, mediante escritos de datas 20/06/2016 e 27/07/2016 (Rexistros de entrada nº 7.999 e 9.805), nos que solicita licenza de agrupación e posterior segregación de parcelas sitas no lugar de Gándara, Artes, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto, no informe técnico do Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 29/07/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/08/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Ana M^a Vila Ageitos a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS (Nº 8/16)** solicitada nos termos do Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación e de Parcelas de xuño de 2016 así como Anexo 01 redactado por Domingo J. Vidal Álvarez, resultando finalmente dos parcelas de modo que:

- **PARCELAS INICIAIS: PARCELA A, "EXTRIS" GÁNDARA, ARTES:** Propiedade de M^a del Carmen González González e Antonio Crujeiras Vidal, con ref^a catastral nº 15074A039003370000KQ segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 756,00 m² que linda: Norte parcela propiedade de Ana M^a Vila Ageitos; Sur máis mesma propiedade; Este parcela con ref^a catastral nº 15074A039003380000KP; Oeste parcela propiedade de Ana M^a Vila Ageitos e parte parcela con ref^a catastral nº 15074A039003390000KL.**PARCELA B, "EXTRIS" GÁNDARA, ARTES:** Propiedade de Ana M^a Vila Agritos, con ref^a catastral nº 15074A039003420000KL segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.625,00 m².
- **A PARCELA RESULTANTE TRAS A AGRUPACIÓN DAS DÚAS PARCELAS** ten unha superficie de 2.381,00 m² e **AS PARCELAS RESULTANTES TRAS A POSTERIOR SEGREGACIÓN:**
- Da **PARCELA A:** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 872,00 m² que linda: Norte camiño; Sur parcela con ref^a catastral nº 15074A039003390000KL; Este parcela B resultante da segregación; Oeste parcela con ref^a catastral nº 15074A039011390000KH.
- **PARCELA B:** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.420,00 m² que linda: Norte camiño; Sur Antonio Crujeiras Vidal; Este parcela con ref^a catastral nº 15074A039003410000KP e parcela con ref^a





catastral nº 15074A039003380000KP; Oeste parcela A resultante da segregación e parcela con refª catastral nº 15074A039003390000KL.

Segundo.- Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, (*segundo o Arquitecto Municipal superficie de parcela de cesión en total de 89,00 m² na franxa sita ao longo do vial*), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:


- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Francisco Ramallo Sampedro**, de data 29/08/2016, no que solicita a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida no Colexio Leliadoura, Frións.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 02/09/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida no Colexio Leliadoura, Frións, coa súa correspondente sinalización horizontal e vertical, según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 01/09/2016, a petición do Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, relativo á habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Avda. da Coruña (Riveira), á altura do nº 60.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Avda. da Coruña (Riveira), á altura do nº 60, coa súa correspondente sinalización horizontal e vertical, según o sinalado no citado informe policial.


3.- Visto o visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 01/09/2016, a petición do Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, relativo á habilitación dun paso de peóns entre o nº 50 da Avda. da Coruña e a rotonda co Paseo das Carolinas (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a habilitación dun paso de peóns entre o nº 50 da Avda. da Coruña e a rotonda co Paseo das Carolinas (Riveira), según o sinalado no citado informe policial.

APROBACIÓN DO SERVIZO DE BONO BUS ESTUDANTES (CURSO ACADÉMICO 2016-2017).

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^{ra} Herminia Pouso Maneiro**, de data 06/09/2016, na que solicita a aprobación da





continuidade do servizo de Bono Bus Estudantes mantendo os convenios asinados coas distintas empresas que veñen prestando este servizo e, así mesmo, a aprobación de modelos e requisitos de solicitudes e renovación, e a autorización de gasto para a porcentaxe financiada polo concello.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Prestar a súa aprobación á citada proposta segundo os seus termos, e dando continuidade do servizo de Bono Bus Estudantes mantendo os convenios asinados coas distintas empresas que veñen prestando este servizo, aportando os usuarios un 50%, 60%, 25% do custo das viaxes en función do número dos mesmos e asumindo o Concello os seguintes custos que se especifican, mentres que as empresas asumen a diferenza en cada caso, según o seguinte cadro:

EMPRESA	VIAXES	PORCENTAXE USUARIO	PORCENTAXE CONCELLO	PORCENTAXE EMPRESA
ARRIVA NOROESTE, S.L.	20	50%	25%	25%
	10	60%	25%	15%
	60	25%	25%	50%
CASTROMIL, S.A.	20	50%	20%	30%
FREIRE, S.L.	20	50%	35%	15%

- b) Autorizar o gasto para a porcentaxe financiada polo concello e que se estima en 23.000,00 €/curso académico 2016-2017
- c) Aprobar os modelos de soidade dos bonos, así como os requisitos de soidade e renovación dos mesmos.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2016-2017


Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 05/10/2016, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017


Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Apelidos e nome	DNI	Estudos
Fernández Paz, Uxía	53483433S	USC Grao en Bioloxía
Cores Paz, Diego	53484739X	USC Grao en Economía
Pardavila Paz, Cristina	53795213F	USC Grao en Educación Social





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Santos Enríquez, Andrea	54224603X	USC Grao en Lingua e Literatura inglesas
Romero Baamonde, Laura Vanesa	53795790D	CIFP Portovello, Ourense, Educación Infantil
Pérez Rial, Adrián	53798543W	USC Dobre Grao en Química e Bioloxía
Ferrón Moure, Adrián	53489409B	USC Grao en Farmacia
Serafín Martínez, María	53485564F	USC Grao en Física
Macinich Torres, Iván	53798859L	IES San Clemente de Santiago, 1º Sistemas microfímáticos e redes, ciclo de grao medio
Castro Chico, Cinthya	53797928P	USC Grao en Mestre de Educación Primaria
Domínguez Vidal, Ainoa	54224145N	CIFP Ánxel Casal, A Coruña, Atención a persoas en situación de dependencia
Santos Fernández, Áurea	53487680F	USC Grao en Enfermaría
Riveiro Fernández, Sara	53798953K	USC Grao en Filoloxía Clásica
Rivas Pestoni, Adrián	53489530V	USC Grao en Psicoloxía
López Sampedro, Iannis	53489250J	USC Grao en Economía
Pérez Alonso, Francisco	53796652C	USC Grao en Traballo Social
Cea Sampedro, Erika	53795636Q	CIFP Compostela, Atención a persoas en situación de dependencia
Pérez Alonso, Elena	53796651L	USC Grao en Lingua e Literatura inglesas
Pérez Barrientos, Tania	52939083Y	EASD Pablo Picasso, A Coruña, Deseño de Interiores
García Bravo, Marina	53486318W	CIFB Perruquería Formación e Imaxe, Santiago
Baamonde Cameán, Kevin	53797601A	USC Grao en Administración e Dirección de Empresas
Dios Oujo, Mónica	53796666B	USC Facultade de Dereito
Carreira Sobrido, Marta	53487204Z	USC Grao en Economía
Campos Cambre, Cristian	47796508R	CIFP Politécnico de Santiago, Soldadura e Caldeiraría
Sampedro García, Sarai	53489348L	IES A Pontepedriña, Santiago, Xestión e venda de espazos comerciais
Ordóñez Zuleta, Óscar Andrés	54225492W	CIFP A Farixa, 2º curso Ciclo Superior Producción Audivisual


Destino Santiago - A Coruña

Apelidos e nome	DNI	Estudos
Domínguez Vidal, Ainoa	54224145N	CIFP Ánxel Casal, A Coruña, Atención a persoas en situación de dependencia
Pérez Barrientos, Tania	52939083Y	EASD Pablo Picasso, A Coruña, Deseño de Interiores

Destino Ourense

Apelidos e nome	DNI	Estudos
Ordóñez Zuleta, Óscar Andrés	54225492W	CIFP A Farixa, 2º curso Ciclo Superior Producción Audivisual





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Romero Baamonde, Laura Vanessa	53795790D	CIFP Portovello, Ourense, Educación Infantil
-----------------------------------	-----------	--

Destino Pontevedra

Apelidos e nome	DNI	Estudos
Dios Oujo, Yolanda	53796665X	UVIGO, Pontevedra, Grao en Fisioterapia


Destino Vigo

Apelidos e nome	DNI	Estudos
López Castaño, Rubén	53488404H	UVIGO Grao en Enxeñaría Industrial
Rial Lijó, Sergio	53484651Z	UVIGO EU de Estudos Empresariais
Lemos Bretal, Javier	53488707E	UVIGO Grao en Administración e Dirección de Empresas


A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.

Riveira, 8 de setembro de 2016

Dou fe, o secretario en funcións



Manuel Ruiz Rivas



José Martínez de Llano Orosa

